

Resolución da Dirección da Axencia Galega de Innovación pola que se pon fin ao procedemento de avaliación da actividade investigadora do persoal contratado pola Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (Programa Oportunius-IN857A)

O Decreto 64/2016, de 26 de maio, regula o réxime de contratación pola Axencia Galega de Innovación de persoal investigador baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (Programa Oportunius). No capítulo II do citado decreto establécese a avaliación por parte da Axencia Galega de Innovación da actividade investigadora dese persoal con vistas a garantir o mantemento da excelencia. Con este fin, este persoal investigador está sometido a un proceso de avaliación que ten en conta a actividade investigadora en termos de impacto e calidade da produción científica, liderado de proxectos financiados, formación de talento e os resultados da investigación desenvolvida.

A Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 29 de agosto de 2018 (DOG núm. 181, 21 de setembro) é a que establece o procedemento e o baremo para a avaliación da actividade investigadora do persoal investigador contratado pola Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (Programa Oportunius).

De acordo co establecido no artigo 4 da citada orde, o 21 de marzo de 2025 Javier Montenegro García (**6851**) solicita a avaliación da súa actividade investigadora dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería

A Axencia Galega de Innovación nomeou unha comisión avaliadora dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería, por Resolución do 09 de maio de 2025.

O día 2 de setembro de 2025 a comisión avaliadora levou a cabo a valoración do candidato de acordo cos baremos establecidos no anexo II da citada orde, co resultado por unanimidade, dunha puntuación de 93 puntos e polo tanto a cualificación de Eminens (moi bo).

A comisión avaliadora, para dar cumprimento ao establecido no artigo 7 da Orde, elevou informe final á dirección da Axencia Galega de Innovación, á vista do cal,

RESOLVE:

- Adxudicar a cualificación de EMINENS (moi bo) a Javier Montenegro García.
- A avaliación EMINENS, conforme ao estipulado no artigo 25 do Decreto 64/2016, de 26 de maio, dará dereito ao persoal investigador a percibir o complemento de rendemento investigador.
- O resultado da avaliación terá efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2026.
- Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente, recurso de reposición, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución, ante a directora da Axencia Galega de Innovación (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-





**XUNTA
DE GALICIA**

administrativo no prazo de dous meses contado dende o día seguinte á publicación desta resolución, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela (artigos 8.3 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A directora da Axencia Galega de Innovación
Carmen Cotelo Queijo

